

PAUTAS BÁSICAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO ELABORADAS EN BASE Á SITUACIÓN
SANITARIA ACTUAL

- **EQUIPO COVID:** O Equipo Covid do centro estará formado polos mestres/as Cristina e Óscar e será a coordinadora a directora.
- **GRUPOS DE ALUMNADO:** Estableceranse dous grupos de convivencia estable: o grupo 1 estará formado polo alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria e o grupo 2 estará formado polo alumnado de 3º a 6º de Primaria.
- **AULAS DE TITORÍAS:** As aulas do grupo 1 serán na pranta baixa do pavillón B (non se modificou a súa ubicación) e corresponderanlle os baños dese pavillón. Mentres que as aulas do grupo 2 serán na pranta baixa do pavillón A (a que era a aula de inglés e plástica pasará a ser a aula de titoría de 3º e 4º de Primaria e mantense a mesma aula de 5º e 6º de Primaria) e corresponderanlle os baños dese pavillón.
- **ZONAS DE RECREO:** A zona de recreo correspondente ó grupo 1 será a dianteira do pavillón B dividida en dous anacos (usarán os baños do pavillón B) e a zona correspondente ó grupo 2 será o patio de arriba dividido en dous anacos (usarán os baños do ximnasio).

No caso de chuvia, a zona de recreo correspondente ó grupo 1 será o patio cuberto dividido en dous anacos (usarán os baños do pavillón B) e a zona correspondente ó grupo 2 será o ximnasio (usarán os seus baños). Tamén poderán usarse as antigas aulas de Relixión e titoría de 3º e 4º de Primaria da pranta superior do pavillón B ou as súas aulas de titoría -se se considerase necesario-.
- **ESPECIALIDADES:** O profesorado especialista será o que se mova ás aulas de titoría (excepto o mestre de Educación Física e a mestra de Psicomotricidade en Infantil), de modo que só se empregarán esas aulas e o patio cuberto e ximnasio ou pista polideportiva. Tamén puntualmente se poderá empregar a aula de Música ante a necesidade do uso de instrumentos que non poden moverse.

No caso de alumnado que cursa Alternativa á Relixión esta materia será impartida nunha das aulas libres (antiga aula de Relixión da pranta superior do pavillón B para o grupo 1 ou aula de informática da pranta superior do pavillón A para o grupo 2).
- **ALUMNADO DE APOIO:** No caso de alumnado de apoio, este sairá da aula de titoría para a aula de apoio (pranta alta do pavillón A) e só un/unha en cada sesión ou dous no caso do mesmo grupo de titoría. Isto tamén ocorrerá co alumnado que recibe intervención por parte do Servizo de Atención Temperá.

- **SUBSTITUCIÓN DO PROFESORADO E PERSOAL DE COCIÑA:** Ante ausencias puntuais do profesorado, substituirase como en cursos pasados coas persoas que se atopan de garda en cada sesión.

No caso de ausencia puntual da cociñeira, contratarase o servizo de catering como noutras ocasións velando porque cumpran as normas establecidas.

Ante ausencias prolongadas dos mestres/as ou persoal de cociña (baixas ou permisos), será a Consellería quen se encargue de asignar persoa substituta como ata o de agora.

- **AULA DE ILLAMENTO:** Ante a necesidade de illar a un alumno/a se mostra síntomas de enfermidade, empregarase a aula que antes correspondía á aula de Convivencia (pranta superior do pavillón B). Alí estará acompañado/a preferentemente por un mestre/a do Equipo Covid ata que sexa recollido pola familia.
- **HORARIO DO CENTRO:** O horario do centro é o mesmo, pero por necesidades da situación modificáronse os tempos do modo seguinte: 1ª sesión de 9.30 a 10.25, 2ª sesión de 10.25 a 11.20, 3ª sesión de 11.20 a 12.15 (incluírá a merenda na aula de titoría nos últimos 5-10 minutos), recreo de 12.15 a 12.40, 4ª sesión de 12.40 a 13.35, 5ª sesión de 13.35 a 14.30 e comedor/recreo de 14.30 a 15.30 horas.

O profesorado permanecerá no centro na totalidade do horario.

- **COMEDOR:** Estará atendido por dúas nais e dous mestres/as e será a encargada a mestra.

Faranse dúas quendas do seguinte modo: primeiro xantarán o alumnado do grupo 1 (o alumnado de Infantil irá xa para o comedor un pouco antes da hora) mentres están no recreo os nenos/as do grupo 2 e unha vez estes rematen desinfectaranse os seus postos, ventilarase e colocarase de novo. Logo xantarán o alumnado do grupo 2 mentres están no recreo os nenos/as do grupo 1.

En cada mesa só haberá dous nenos/as e serán da mesma titoría. Manterán sempre os seus sitios.

As persoas colaboradoras xantarán na zona de biblioteca co fin de ter máis espazo no comedor.

As zonas de recreo serán as mesmas que no tempo da mañá e as normas de comportamento de comedor serán as de cursos pasados.

- **ENTRADAS E SAÍDAS:** Non poderán acceder familiares como norma xeral acompañando ó alumnado.

Á entrada os nenos/as deberán chegar de forma ordeada e irán directamente para a súa aula correspondente. Esta norma estará supervisada polo profesorado encargado da custodia da mañá.

A saída farase tamén de xeito ordeado e ó alumnado que non emprega o autobús, deberase esperar mantendo certa distancia na acera que hai por baixo do centro. A saída do recinto será supervisada polo profesorado encargado da custodia da tarde.

* Aconséllase ó alumnado que vén camiñando non chegar ó centro moi cedo, só 5-10 minutos antes da hora de entrada para evitar aglomeracións co alumnado que vén en autobús e que chega sobre as 9.10-9.15 horas.

- **HIXIENE E LIMPEZA:** Ó longo da xornada lectiva o alumnado hixienizará as mans por indicación do profesorado en varias ocasións (á entrada, antes e despois do recreo, á chegada ó comedor...).

En cada aula e espazo de uso do centro contarase con recursos como alfombras hixienizantes, xeles hidroalcohólicos, panos desbotables... así como diversos carteis informativos.

Ventilaranse os espazos de forma continuada –en función das circunstancias meteorolóxicas-.

O profesorado usará sempre mascarilla, así como as demais persoas/profesionais que traballan no centro de forma periódica ou puntual (persoal de comedor, profesionais do Servizo de Atención Temperá, operarios...).

A limpeza e desinfección do centro correspóndelle ó concello e farase máis a miúdo (segundo reunión do Equipo Covid e do presidente da ANPA mantida co alcalde o luns día 7 de setembro).

- **ENSINO NON PRESENCIAL:** No caso de producirse a situación de non poder dar clases de modo presencial, empregárase a aula virtual do centro (accédese a ela a través da páxina web) e as comunicación faranse a través da aplicación TokApp School. Así mesmo poderán empregarse outras formas consensuadas de darse a circunstancia e en base á situación das familias.
- **CUARENTENA DE GRUPOS OU DO CENTRO:** Se fose necesario illar nas casas a un grupo de alumnos/as, a varios ou a todo o centro, esta decisión tomarase en base ás indicacións sanitarias e en ningún caso dependerá da comunidade educativa.

- **CONTIDOS 1º TRIMESTRE:** Durante o 1º trimestre do curso, repasaranse os contidos dados no curso pasado, ampliaranse os contidos novos do curso pasado que non puideron darse e daranse os correspondentes a este curso.

PAUTAS CONCRETAS PARA AS FAMILIAS

- Cada neno/a deberá traer todo o seu material co nome (incluídas as mascarillas, bote de hidroxel se é o caso...).
- Cada neno/a deberá traer a súa botella de auga na mochila para evitar beber nas billas.
- De maneira opcional, cada neno/a poderá traer o seu frasco de hidroxel e panos de papel na mochila.
- Tódolos/as nenos/as de Infantil e Primaria deberán usar mascarilla e só poderán sacala mentres merendan e xantan. Ademais traerán outra de resposto e unha caixiña ou sobre onde gardalas nos momentos nos que non as teñen postas.
 - *É obrigatorio o seu uso dende os 6 anos (Primaria) e debe fomentarse antes desa idade (Infantil).
 - *A mascarilla deberá ser da súa talla, deberá axustárselle ben á cara.
- Antes de saír da casa deberáse mirar a temperatura e analizar o seu estado de saúde.
- No caso de ter febre ou outros síntomas de enfermidade non deberá acudir ó colexio e avisarase telefónicamente da ausencia. Se estes síntomas son compatibles con coronavirus ou ante a confusión, haberá que inmediatamente poñerse en contacto co médico de referencia.
- No caso de mostrar síntomas de enfermidade no colexio, ó ser avisados/as deberase acudir buscar ó/á menor á maior brevidade posible e levalo ó médico/a.
- Deberase cubrir e asinar a declaración responsable que se facilitará e que envía a Consellería.
- Non poderán acceder pais/nais... ó centro cos nenos/as nas entradas e saídas, de modo que deberase esperar á saída por eles/as na acera que está por baixo do patio mantendo certa distancia e á entrada deberán deixarse no portón. Só en casos puntuais e xustificados se poderá acceder cos alumnos/as (por exemplo durante o período de adaptación de 3 anos).
- Para acudir ó centro realizar algún trámite, falar co profesorado titor... deberase facer evitando os momentos de entrada e saída, é dicir, a partir das 9:45 ou antes das 15:00 horas. É aconsellable chamar e solicitar cita con anterioridade.
- É recomendable consultar a páxina web do centro con asiduidade para estar ó tanto das novidades, recomendacións...

*www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliapardoleiro

- Deberase descargar nos móbiles ou tablets/ordenadores unha aplicación de comunicación que se vos indicará máis adiante logo de analizar varias. Será gratuita.
- Ó longo do mes de setembro poñerase en marcha a aula virtual do centro, polo que logo deberase practicar con ela dende a casa, a aula CEMIT... co fin de poder traballar no caso de suspenderse as clases. Seredes informados/as máis adiante de como funciona e o alumnado tamén estará informado.
- Fomentarase na casa entre os nenos/as hábitos de hixiene de mans, uso correcto e coidado da mascarilla... que neste momento cobran especial importancia.
- As merendas deberán ser saudables e en cantidade proporcional a cada neno/a, tendo en conta que este curso xantarán máis tarde.